

A NOSTRA TERRA



Ano XXX — Núm. 462

BOS AIRES, XUÑO DE 1948

O Plebiscito Galego

Fai doce anos que Galiza, nun aito pleo de emoción e de entusiasmo, espresou a súa vontade de ser ceibe. Ceibe das ligaduras que a teñen atada a Castela.

Por unha inmensa maioría —sóo arredor de 6.000 votos en contra—, foi aprobado o Estatuto que nos concedía o dereito de gobernarnos por nós mesmos.

Este magno acontecemento acaeceu o 28 de xuño de 1936. Seguidamente formouse unha comisión encargada de levar a Madrid o resultado do plebiscito.

O proieito do Estatuto entregouse ao presidente das Cortes; pero non houbo tempo nin de discutilo siquiera a causa da revolta militar que, coa axuda dos nazifeixistas e a "non intervención" das democracias, impuxo a Hespaña o réxime terrorista que aínda subsiste.

Galiza perdeu así a oportunidade de reaizar os seus vellos anseios. A ilusión que alumeara os espíritos naquel día memorabel esvaeuse como brétema barrida pol-o vento.

Certo que a República poido haber dado satisfacción á nosa Terra, promulgando o Estatuto plebiscitado, na mesma forma que fixo co vasco. E quizáis dese xeito houberase conservado Galiza para os republicáns. Pero o centralismo que influenciaba aos gobernantes e a subestimación do noso país como fador importante, ou decisivo, para o éxito da loita civil, impediron satisfacer a un povo que tan rotundamente acababa de amosstrar a súa vontade.

Soio nas Cortes de México logrouse que se falara do noso Estatuto e que se nomeara unha comisión para estudalo. Deste modo tan precario responderon os republicáns hespañoles aos anseios seculares de Galiza.

Non queremos agora atacar a ningún; pero sí queremos deixar constancia dun feito que nos doe e que teremos en conta para o porvir.

Galiza foi desprezada sin razón; Galiza non mereceu dos gobernantes republicáns o trato que lle era debido; cunha ignoranza increíbel en homes que tiñan nas mans os destínos de Hespaña, Galiza foi abandonada aos nazifeixistas, que se aproveitaron dela para o seu triunfo; dos seus fillos para o fronte e da súa riqueza para a despesa.

Unha grande tristura nos invade ao pensar que outro houbera sido o fin da nosa guerra civil, si nas xentes encargadas de dirixila dende o noso campo houbera unha migalla de senso común. Non estaríamos arestora alonxados da nosa Patria, nin ésta xemería baixo as cadeas que a apreixoan.

Esperemos que a gran lección que recibiron os gobernantes republicáns ao menosprezar á nosa Terra, habrá de servir algún día para que non sexan repetidos os mesmos erros.

E nós tamén deberemos estar alerta para non confiar endemais nas verbas dos que nos queren engaiolar. Somentes nas nosas propias forzas debemos ter confianza.

E cando chegue o momento, que chegará, todos nós, como unha soa vontade, tomaremos o que por dereito e por lei nos corresponde, sen temores de incurrir en ilegalidades, que tan soio os pícaros de sempre invocarán para estorbar as nosas xustas aspiracións.

(TRADUCCION)

Hace doce años que Galicia, en un acto pleno de emoción y de entusiasmo, expresó su voluntad de ser libre. Libre de las ligaduras que la tienen atada a Castilla.

Por una inmensa mayoría —sóo alrededor de 6.000 votos en contra—, fué aprobado el Estatuto que nos concedía el derecho de gobernarnos por nosotros mismos.

Este magno acontecimiento acaeció el 28 de junio de 1936. Seguidamente, se formó una comisión encargada de llevar a Madrid el resultado del plebiscito.

El proyecto de Estatuto se entregó al presidente de las Cortes; pero ni siquiera hubo tiempo de discutirlo a causa de la revuelta militar que, con la ayuda de los nazifascistas, y la "no intervención" de las democracias, impuso a España el régimen terrorista que aún subsiste.

Galicia perdió así la oportunidad de realizar sus viejos anhelos. La ilusión que iluminara los espíritus en aquel día memorable se desvaneció como niebla dispersada por el viento.

Cierto es que la República pudo haber dado satisfacción a nuestra Tierra, promulgando el Estatuto plebiscitado, en la misma forma que hizo con el vasco. Y quizá de esa suerte se hubiera conservado Galicia para los republicanos. Pero el centralismo que influenciaba a los gobernantes y la subestimación de nuestro país como factor importante, o decisivo, para el éxito de nuestra lucha civil, impedieron satisfacer a un pueblo que tan rotundamente acababa de manifestar su voluntad.

Sólo en las Cortes de Méjico se logró que se hablara de nuestro Estatuto y que se nombrara una comisión para estudiarlo. Del

O Estatuto de Galiza Antecedentes e Comentarios

Por consideralo de importancia fundamental para o movemento galeguista, insertamos parte do preámbulo do folleto publicado pol-a comisión organizadora do aito conmemorativo do plebiscito galego.

Di así:

Non falaremos da vida que levou Galiza dende os Reis Católicos, que a privaron de liberdade política, até a división provincial do 1833, pol-a que se suprimiu a Xunta Superior do Reino de Galiza, que viña coordinando a xestión administrativa das vellas provincias e simbolizando a unidade galega. Tampouco falaremos do rexurdimento iniciado en Galiza pol-os seus grandes fillos do século XVIII (Sarmiento, Feixóo, Cornide, Cernadas, de Castro e outros máis), fortalecido pol-a labouira reconstrutiva dos anos do Pemento, que provocou intres de verdadeiro galeguis-

colleron o feito; pero ningún d-eles dixo que n-aquela Federación entraban as provincias do Norte de Portugal e as de Oviedo e León, co que se pretendía restaurar a Galiza dos tempos románs, ampliándose despois co ingreso voluntario dos demais povos de Hespaña, a medida que se fosen librando dos franceses. Galiza, pois, concibeu e tiña a meo realizar a Federación dos povos peninsulares, moito antes de que en Hespaña aparecieran os teóricos do federalismo, influídos por Proudhon.

En moitas ocasións revelon en Galiza unha indecisión amorosa entre Castela e Portugal, sempre por motivos de diñidade ofendida. Pero a insufribel tiranía de Fernando VII produxo no noso país, xa non a dúbida amorosa, senón o firme e claro desexo de arredarse de Hespaña para ingresar en

berdade que en Hespaña.

Non se pode negar o sentimento de nacionalidade que caracterizou a renascencia literaria de Galiza, iniciada en 1837. Mentras Nicomedes Pastor Díaz descubría, co seu "espírito europeo", as maravillosas posibilidades do noso idioma, Neira de Mosquera atopaba o sentido histórico da nosa vida. Así ocorreu que nas páxinas da revista "El Recreo Compostelano", aparecida en 1842, xa se botaban as bases do rexionalismo galego, de tan convincente maneira, que en 1843 fíxose posíbel que a Xunta Central de Galiza, reunida en Lugo, discutise e puxese a votación "si debía ou non este antigo Reino declararse independente", cuxa proposta, defendida por Faraldo, perdeu por un soio voto. N-este feito revélase o espírito revolucionario e independentista dos galegos do 1843.

A FEDERACION DE SOCIEDADES GALEGAS (integrada por 45 entidades comarcaes)

os CENTROS CORUÑES, LUCENSE, ORENSAN e PONTEVEDRES, xunto co A. B. C.

DO P. DE CORCUBION, o CENTRO BETANZOS e a IRMANDADE GALEGA, que suman

25.000 asociados, celebran hoxe un novo aniversario do Plebiscito autonomista de

Galiza. Estas Sociedades coñecen e interpretan o sentir e o pensar da poderosa colei-

tividade galega de Bos Aires —sempre democrática, republicana e autonomista—

e no seu nome publican o presente folleto, para difundir unha verdade histórica mal

coñecida e reavivar un problema vital para Galiza e cicáis para Hespaña.

Bos, Aires, 28 de xunio do 1948.

(Introito do folleto do Estatuto de Galiza)

mo, cando, na Guerra de Independencia, Galiza se sinteu libre e dona de si. Falaremos sementes d-algúns feitos acaecidos a partir dos primeiros anos do século XIX, co que abonará para poñer de bulto a vontade autonomista de Galiza, endexamais adormecida.

En 1808, durante a invasión napoleónica, firmouse na Cruña un tratado de Federación perdurabel entre Galiza e Castela, como primeiro paso d-un propósito máis ambicioso, concebido pol-a nosa Xunta Suprema. O Conde Toreno e Pi i Margall re-

Portugal. N-un importante libro escrito por Lord Carnarvon en 1827, recóllese o feito de que os constitucionalistas galegos pregaban a Deus que Galiza poidera entrar canto antes en Portugal. Os galegos —di Carnarvon— "estaban desexosos de trocaren unha grande e antiga monarquía por outra máis pequena e comparativamente insignificante, con tal de que poideran participar das ventaxas d-un réxime constitucional". Esta idea botou raíces no ánimo galego e resucita en intres desesperados, cando en Portugal hai máis li-

esta maneira tan precaria respondieron los republicanos españoles a los anhelos seculares de Galicia.

No queremos ahora atacar a nadie; pero sí queremos dejar constancia de un hecho que nos duele y que tendremos en cuenta para el futuro.

Galicia fué despreciada sin razón; Galicia no mereció de los gobernantes el trato que le era debido; con una ignorancia increíble en hombres que tenían en las manos los destinos de España, Galicia fué abandonada a los nazifascistas, que se aprovecharon de ella para su triunfo: de sus hijos para el frente y de su riqueza para la despesa.

Una gran tristeza nos invade al pensar que otro hubiera sido el fin de nuestra guerra civil, si en las gentes encargadas de dirigirla desde nuestro campo hubiera una migaja de sentido común. No estaríamos a estas horas alejados de nuestra Patria, ni esta gemiría bajo las cadenas que la aprisionan.

Esperemos que la gran lección que recibieron los gobernantes republicanos al menospreciar a nuestra Tierra, habrá de servir algún día para que no sean repetidos los mismos errores.

Y nosotros también deberemos estar alerta para no confiar jamás en las palabras de los que nos quieren engatusar. Solamente en nuestras propias fuerzas debemos tener confianza.

Y cuando llegue el momento, que llegará, todos nosotros, como una sola voluntad, tomaremos lo que por derecho y por ley nos corresponde, sin temores de incurrir en ilegalidades, que tan sólo los pícaros de siempre invocarán para estorbar nuestras justas aspiraciones.

En 1845 empezou a publicarse en Compostela o periódico "El Porvenir", "órgao da mocidade galega", románticamente liberal, no que os seus redatores se doían de non poderen declarar en linguaxe intelixíbel "a fórmula que ensene aos galegos todo o que necesitan coñecer", porque "hai frases que serían unha sentença de morte para os seus autores". Tal era o silencio que o Goberno ditatorial de 1845 imponía ás tendencias liberais e democráticas; pero aínda así, aqueles mozos acriscáronse a publicaren frases como estas: "non queremos ser máis que galegos", engadindo que o espírito que os animaba era "o grito de Varsovia contra os rusos de Madrid".

O clima de hostilidade contra os gobernos centralistas, dou lugar á revolución de 1846, considerada como a única de esencia rexional. No manifesto da Xunta revolucionaria, escrito por Faraldo e publicado no periódico "La Revolución", decíase que Galiza, ensumida no oprobio e convertida en colonia da corte madrileña, "vai erguerse da súa humillación e abatimento", rematando coas seguintes verbas: "Que a espada de Galiza faga inclinar unha soa vez a balanza en que se pesan os destínos de Hespaña". Ben sabido está que aquel movemento rexionalista fracasou por xunirse a unha subversión militar (alcantada por un príncipe da casa reinante), que acababa en traxedia coa fusilamentos de Carral.

Na primavera do 1856, xa renascidas as esperanzas galegas despois da pasada revolución, celebrouse o famoso banquete de Conxo, no que os estudantes e artesáns de Sant-Iago se axuntaron e abrazaron como

(Pasa á páx. 61)



Os agoreiros da próxima guerra andan adocidos, citando xa datas para cando vai a estalar.

Con hipócritas bágoas, lamentanse de que é inevitabel, porque o imperialismo ruso —dín— somentes se poderá deter pol-as armas.

Non queremos defender —nin atacar a ninguén— nesta cuestión somos neutrales—; pero ¿non lles parece aos señores alarmistas que tanta culpa ten orente como ocidente?

¿Con qué dereito os de esta banda poden pretender que se lles dé creto si os seus feitos están en oposición coas súas verbas? Eixemplo: Hespaña.

Unha cousa graciosa —boeno; eso de gracia é un decir— sucede co chamado problema hespañol.

Cáseque todo o mundo fala pestes do réxime que sofre a península e fuxe de ter contatos oficiais con él; pero por baixo corda, todos se desviven por outar algún beneficio do apestado, aunque elo sinifique o respaldo de quen se censura.

Esto é indio. Preferibel é entenderse con él a cara descuberta, que andar de tapadillo, como aquel que trata de que non se lle coñezan os malos pasos.

No primeiro, al menos, hai gallardía; o outro produce báscuas.

Rusia foi acusada fai pouco de ter en campos de concentración a repubricáns hespañoes, que, ademais, foron sometidos a torturas.

Italia agora é tamén acusada pol-o mesmo asunto. E son os socialistas de Saragat os que lanzan a acusación.

Pol-o visto a “democracia cristiana” de De Gasperi coincide nese punto coa “democracia popular” de Stalin.

Os repubricáns hespañoes teñen a desgracia de estar a mal con Deus e co demo.

Pol-o demáis, non é novo esto dos campos de concentración para os que fuxían da barbarie falanxista.

Lembremos os campamentos franceses, cheos de refuxiados hespañoes, campamentos de morte e de miseria, gardados por ascaris con baioneta calada, onde o insíne Machado e tantos outros compañeiros de loita atoparon a tomba.

Non-os esquezamos que aínda non fai moito a nobre Inglaterra tiña cativos a combatentes hespañoes, valentes repubricáns que habían dado o seu sangue pol-a causa dos aliados, a causa da liberdade, según eles; a causa do despotismo do dólar, según E.

non falemos doutras nacións, que por fortuna non chegaron a tanto, pero que tamén ollan con receo e temor aos roxos a realidade.

Craro está que deste mal soio son culpabeis os gobernos, a maior parte feixistas declarados ou encubertos, pois os povos, calisquera que sexan, sinten pol-os repubricáns hespañoes verdadeira admiración e simpatía.

¡Probes repubricáns hespañoes!

Espallados pol-o mundo, lacerado o corazón i os pés sangantes, son o eixemplo vivo da inxustiza cometida con Hespaña.

Novos xudeos errantes, van por todas partes, sen atopar acougo, coa hostilidade de cáseque todol-os gobernos e das xentes chamadas “de orden”.

Son a acusación patente da humanidade. A conciencia que se ergue para denunciar o crimen de que foi vítima o povo hespañol. O ollo que vía Caín en todol-os intrés. A voz que berra: ¡Asesinos!

Todo isto sinifican para os gobernos os repubricáns hespañoes que deambulan sen patria por todal-as terras do mundo.

E mentras esta grande inxustiza non sexa reparada; mentras a República non se restablezca en Hespaña, non haberá paz, nin se poderá falar de democracia nin de xustiza, nin de respecto á vontade dos povos.

Todo será unha farsa, unhas verbas para enganar somentes a conciencia dos que as empregan.

Moitos se van agora a Hespaña. Uns para quedarse nela; outros para “dar unha volta” e algúns —eso dín— por razóns de negocios.

Respetamos a vontade dos que se van; pero a nós parécenos que os que se marchan coa idea de ficar alá están un pouco trabucados, si é que buscan de mellorar; salvo que sexan feixistas camuflados de repubricáns, que estiveron no “eisilio” hastra que desapareceu o medo de que en Hespaña houbera cambios.

E como agora —a eles lles parece— que o xeneralísimo atópase ben afinado, e, pol-o tanto, non pode volver o que tanto lemen os probes de espírito, vanse tan tranquílos, en procura dun paradiso.

¡Feliz viaxe!

Casa de Galicia, despóis de andar nevagando antre dúas augas —a repubricana e a feixista—, decideuse ao fin por ésta.

A farándula falanxista foi recibida con todol-os honores e hastra coa colaboración dunha outrora entusiasta repubricana, que loceu a súa voz para entoar cántigas da Terra.

Con este motivo izouse ao fronte da casa a bandeira asesina, retirándose a que sempre había honrado á entidade que hoxe uxa o nome sacrosanto que leva; para vergonza da nosa coledividade.

Visitounos o Patriota Catalán D. Carlos Pi Sunyer

Estivo en Bos Aires uns días, en viaxe pol-as nacións americanas, o esgrevio patriota e político catalán D. Carlos Pi Sunyer, ex-alcalde de Barcelona, ex-ministro da República Hespañola, ex-presidente do Consello de Catalunya en Londres e recentemente membro do Goberno Catalán no eisilio.

Chegou de Montevideo o día 11 e marchou en avión a Chile o día 15 do corrente mes de Xuño. Dende Chile seguiu a Perú, Colombia, México, New York, e d-alí a Londres onde ten fixada a súa residencia.

No aeródromo de Morón recibírono delegacións cataláns. Tamén o Delegado do Goberno Vasco, Dr. Francisco de Bazterrechea. E pol-os galegos, concorriron a darlle a benvida o presidente do Consello de Galiza o deputado D. Alfonso R. Castelao e os membros do mesmo, deputados D. Antón Alonso Ríos e D. Elpidio Villaverde; eo presidente da Irmandade Galega, D. Manoel Puente.

O domingo 12, ofreceulle a coledividade catalá un gran banquete, ao cal asistiu unha numerosa delegación galega, na que figuraban os membros do Consello de Galiza, o presidente, segredario e varios membros da Irmandade Galega, eo presidente do Centro Ourensán D. Antón Rodríguez e varios socios d-isa entidade. N-ise aito pronunciou un discurso o señor Castelao, no cal fixou a posición dos galegos no cadro actual da política hespañola.

O martes 14, na compañía dos membros do Consello de Galiza e do presidente da Irmandade Galega, fixo unha detida visita ao pazo do Centro Galego, dispós da cal foille brindado un viño de honor nos salóns do Centro Ourensán, no cal fixo o discurso de ofrecemento, con eloquentes conceptos, o presidente da Irmandade Galega, D. Manoel Puente, que foi contestado pol-o señor Pi Sunyer con brillantes i eispresivas verbas. Seguidamen-

te, celebrouse en privado, na segredaría da Irmandade Galega, unha xuntanza de Galeuzca, na que participaron: pol-os cataláns, o deputado D. Pelayo Sala, o presidente da Comunitat Catalán Dr. Llorens eo Dr. Meyer; pol-os vascos, o señor Basaldúa, ex-segredario do presidente do Goberno Vasco; e pol-os galegos, os deputados señores Castelao, Villaverde e Alonso

Ríos e os señores Manoel Puente e Xosé Y. Rivadulla.

Tanto en manifestacións públicas coma nas que fixo en privado, o señor Pi Sunyer ratificou a súa afervorada simpatía e solidariedade coas aspiracións nacionalistas de Galiza e cos principios e propósitos de Galeuzca, pras os cales coidamos que ha rendir bós froitos ista visita do gran patriota e político catalá.

Galiza na Sorbona de Paris

O día 5 de xunio derradeiro, celebrouse un acto — fin de curso — no Anfiteatro Edgard Quinot, da Sorbona, de Paris, orgaizado pol-o Ateneo Hispanista d-aquela capital, sobor do tema seguinte: “Rexionalismo político e cultural en Hespaña”. Perante unha numerosa concurrencia de intelectuais franceses e d-outas nacionalidades — na que se contaban moitos profesores —, douse a coñecer o problema dos povos periféricos da Península Ibérica: Cataluña, Euzkadi e Galiza. Falou Don Xosé Andreu Abello, ex-presidente do Tribunal de Casación de Cataluña o deputado vasco, Sr. Landaburu, e o escritor galego, Don César Alvajar.

Coñecemos o discurso do representante vasco, publicado en “Euzko-Deya”, e temos unha estensa referencia do que pronunciou o representante catalán. Ambos espuxeron o problema hestórico-xurídico dos seus respectivos países, sentando as bases xustas e posibles d-unha harmonía peninsular. O representante galego dou renda solta ao sentimento que latea no corazón do noso povo, e con verbas quentes e atinadas chegou ao corazón do público que o escoitaba, dando así unha idea cabal do noso modo de ser.

O Sr. Alvajar, representante de Galiza no acto da Sorbona, afirmou que o movemento galego de independencia é anterior aos seus similares catalán e vasco, con características propias e con tendencia federalista, arreo manifestada no decorrer dos tempos. Censurou a mezquinería dos homes da República ao regatearnos unha representación conquistada legalmente, tal e como a Constitución republicana eixixía, non sóio pol-o plebiscito levado a cabo o día 28 de xunio do 1936, senón pol-o heroísmo e martirio dos autonomistas galegos na loita contra o totalitarismo. Estas e outras incomprensións —dixo o Sr. Alvajar— son as que enxendran e xustifican os separatismos. Non deixou de aludir aos políticos incomprensivos, que siguen facéndose a ilusión de que están vivos fora da patria cando realmente están mortos e non-o saben, “como Don Juan no derradeiro acto do Tenorio”. Ao longo de tan emotiva disertación, puxo de bulto a persoalidade nacional de Galiza, e nos últimos dez minutos fixo notar que a literatura galega, especialmente a poesía, está impregnada do sentimento de liberdade e do afán de autonomía. O público asistente a este acto non deixou de mostrarlle ao Sr. Alvajar a súa ismpatía, premiando con afervoados aplausos todo canto dixo en defensa das nosas reivindicacións.

Velahí un acto de Galeuzca, que nós aplaudimos con fonda emoción e que desexaríamos que se repetise, non somentes con verbas, senón con feitos solidarios, porque cada vez estamos máis convencidos da necesidade d-unha acción clara e terminante, fronte ao derroteiro que algúns políticos hespañoes están imprimíndolle ao republicanismo. E, dende logo, os autonomistas galegos de América suscribimos as verbas do Sr. Alvajar e agradecemos, de todo corazón, a súa patriótica aitude.

O Centro Galego

obsequia ao periodismo

Nos salóns do Círculo da Prensa, celebrouse o 29 do mes en curso a demostración ofrecida aos representantes dos órganos de difusión e de radio-telefonía pol-o Centro Galego da capital, coa ocasión da próxima celebración do Día de Galiza.

A demostración, á que asistiron membros da Comisión Direitiva, da de Cultura e do corpo médico foi ofrecida pol-o presidente do Centro, señor José Villamarín, quen ao destacar a colaboración dos órganos da prensa tivo verbas de cordial agradecemento. Seguidamente, no nome da Comisión de Cultura do Centro, falou o señor Eduardo Blanco Amor, quen tamén se refireu ás Xornadas Galegas.

O simpático aito foi un dos tantos que se realizan en Bós Aires e que amosan a vitalidade dos galegos nesta terra para nós tan agarimosa.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

Morreu o Irman Quintans

Caiu en preña xuventú i en preña loita un benquerido irmán, un gran galego, un dos "bós e xenerosos". Aínda istábase baixo a emozón da morte do irmán Emilio Estévez cando outra door veu a ferir profundamente a nosa familia galeguista. Xosé María Quintans, entusiasta pontevedrés, afervorado patriota galego, leal galeguista, finou o 17 de Xuño, vítima d'unha doenza que non poido deter a cencia. En poucos días se desenrolou o fadal proceso.

Acababámolo de ver na derradeira asamblea da Irmandade Galega aceptar o posto de Segretario Xeral que se lle sinalara, e vímolo, poucos días despois, porse ás tarefas d'ise cárego, animoso coma sempre, e coma sempre disposto ao traballo eo sagrefizo pol-a causa da patria galega. Da súa crara intelixenza, da súa probada labourosidade, do seu afervorado amor a Galiza, agardábase unha gran laboureira na dita Segredaría. O destino fanou as espranzas que n'el se puxeran.

Caiu en preña loita. Na loita que os patriotas galegos sostemos, dende fai xa moitos anos, pol-a liberdade do noso povo cruelmente agriollado polo maldito falanxismo totalitario. Na loita que comenzo cando os reacionarios deron o seu bárbaro gadoupazo treidor á República Española. D-aquela, o irmán Quintans xa ocupou un posto no traballo de axuda aos Leales que defenderon nas trincheiras a causa do povo, baténdose alcontra dos treidores e dos totalitarios alemáns e italianos que invadiron o chan hespañol. Loitou a prol de Galiza na formación, organización e brillante desenrolo do patriótico Centro Pontevedrés. E loitou á nosa veira na Irmandade Galega. N-ista honrosa trincheira o solprende a morte. N-ela ergueuse, simbolicamente, a meia asta, a bandeira galega en quente homaxe

Na Nova Data do Estatuto

Unha vegada máis a Galiza libre verteuse sen esforzo no día grorioso pra deixar ben sentado cal é o verdadeiro sentimento na súa concencia política. N-este novo aniversario da data en que as aspiracións do noso povo estiveron a punto de alumear o noso porvir, redobla o corazón ao ver que o lume do patriotismo sigue alcendido no peito dos galegos. Cada ano que pasa é como o fogo que se estende máis e máis na selva do ostracismo, alumendo no senso dos arredados e facéndolles entrar en calor o enfriado sentimento galeguista.

A data do estatuto xa non soio é recordada senón comprendida é interpretada no seu verdadeiro valer, como a secuencia lóxica d-un proceso hestórico levado a costas perante cinco séculos, e cuáseque esmorecido, mais feito rexurdir no derradeiro por galegos ilustres, verdadeiros precursores da nosa renacencia. O estatuto chegou porque o merecimos. O estatuto chegou porque o soupemos conquistar e por eso non pode desaparecer máis da concencia do

ao "bó e xeneroso" irmán Quintans.

A nosa door é moita e moi fonda. Mais, lembremos coma consolo os versos da nosa gran Rosalía:

"Caíndo van os bravos combatentes
E máis se acaran cada vez as fías.
Non choredes, non oustante;
No valeiro que os mortos deixan
Outros virán a progredir a loita".

Os restos do irmán Quintans foron velados no Centro Ourense, fogar tamén do Centro Pontevedrés e da Irmandade Galega. Elí, no seu fogar, arrodeado de moitedume de irmáns e de amigos, e acugulada a sala velatoria de coroas e de palmas fro-raes. E ca compañía do busto do gran mártir da galeguidade: Alexandro Bóveda. E ca compañía da bandeira sagra de Galiza.

O aito do enterro acadou eis-

traordinarias proporcións, que puxeron de releve as moitas simpatías que soupo conquistar o irmán Quintans dentro e fora da nosa coledividade e a grandeira door que a súa morte produxo. O enterro foi presidido pol-as Direitivas dos Centros Pontevedrés e Ourense e da Irmandade Galega, e pol-o Consello de Galiza. Foi depositado o cadavre no Panteón do Centro Galego. Elí fica na compañía de moitos irmáns galegos mortos na emigrazón.

Pol-o Centro Pontevedrés dixo axeitadas verbas o seu presidente D. Antolín Dios. Logo, a nome dos amigos, pronunciou elocuente discurso, acugulado de quente galeguismo, o irmán D. Cándido Rey. E seguíuno o deputado por Pontevedra, irmán D. Antón Alonso Ríos, quen, a nome da Irmandade Galega, dixo as emotivas verbas que nesta mesma páxina insertamos.



Do son da zanfona O Porco non ten Cura

por VERDUGUILLLO

A morrala fa' anxista
patea e brama de dór,
porque o seu porco maior
tan malo está, que nin chista.

No cortello todo o día
pasa deitado o animal.
A inquietude é xeneral:
si morre, ¿qué ocurrirá?

Consultas veñen e van
pra investigar a doencia:
a veterinaria cencia
traballa con todo afán.

Mancíñeiros e doutores
descoñecen o que ten;
o úneco que saben ben
é que o asunto é dos peores.

Novenas a San Antonio;
rogativas a gravel;
os cregos rezan por él
pra ceibalo do demonio.

Nervosismo, espeitación;
Hespaña pendente está
de si o porco sanará
ou irá para o caixón.

Notabeis especialistas
de Chicago e máis deiquí
foron a velo a Madri.
Todos son moi pesimistas.

Uns din que ten a trichina;
outros que unha indigestión
de dólares con re'ón;
cada un ao seu gusto opina.

Hai quen-o quere operar,
mais outros din: ¿para qué,
si total, o mesmo é?
¡Ningún o pode salvar!

Uns amigos da Arxentina,
a un petitorio dalá,
suoro mandáronlle xa
contra da peste porcina.

Unha derradeira proba
con este remedio fan;
si falla, para o marrán,
non lle queda máis que a coba.

Fáganlle ou non inyección,
o seu destino está escrito:
¡para este porco maldito,
non habrá salvación!

noso povo. O estatuto é donde van a parar os povos en que laxeixa o sentimento de liberdade, e sendo, como é, o camiño da hestoria témolo por feito consumado. A hestoria non vai pra atrás, senon pra diante, e a noite que parecera borrar os nosos dereitos, soio é o limiar d-un novo día onde o sol brillará de novo pra todol-os galegos.

A máis que o feito hestórico, o estatuto ten o seu fondo siñi-

ficado político, porque o con-querimento do resurxir da Patria galega vai preto do mesmo o resurxir da liberdade do individuo. Eso fai dos galegos, a máis de galeguistas, democratas auténticos, como guieiro das súas ideas políticas. Por iso a bandeira de loita na liberdade da nosa Terra é na liberdade dos nosos homes: xunguímosla a n-un soio símbolo: O ESTATUTO.

ABELLON.

Foise Quintans

(ORACION FUNEBRE, NA MORTE DE XOSÉ MARIA QUINTANS)

por ANTON ALONSO RIOS

IRMAN QUINTANS:

Eu veño a despedirte no nome de todol-os teus ocompañeiros da Irmandade Galega de Bós Aires. A túa doenza non che deixou ocupar o teu posto de segretario nas nosas xuntanzas. E a morte arrampou contigo, de vez, de xunto de nós. E voste pra sempre. Xa non te teremos endexamáis á nosa beira. E ilo producénos unha fonda e moi aceda tristura. Tristura que se afonda e se aceda aínda máis co doente concerto de alaicos, de saloucos, e de bágoas, que, o magoadado vivir da Terra orquesta na nosa ialma.

Todo, nela, nos fala de tí; todo nos fai chegar a súa dorida queixa:

O abano das canas do millo, sacudindo os pavóns, e cenándonos cos panos verdes e longos das súas fo'las, estános decindo: Foise Quintans.

O vento que pasa zoando antre o arume dos piñeiros, vai rosmando de door, e repite o mesmo alaió: Foise Quintans.

O Leres, que baixa cantando dende a faldra do Candán, choutando de penedo en penedo, correndo antre serras, ó chegar, na noite calada, debaixo da Ponte do Burgo, troca o seu ledo canto en rouco arroio, que semella unha letanía de saloucos. I-é, que a lua i-as estrelas, refreixadas no espello das súas augas, coa súa luz fixa, coma unha ollada aluciñante, parecen berrarlle: ¡Foise Quintans!

O mar que brúa na costa brava, e chouta, e se escacha escontra os cantís, está a cismar un pranto salvaxe que ten por tema a mesma idea fixa: Foise Quintans.

As vagas que van a morrer docemente no colo das rías, ó esfarelárense en miuda e branca escuma; dínlle quedíño ás areias da praia: Foise Quintans.

Todo é hoxe door e loito na Terra Galega. Todo, alaios e bágoas. Todo é sombriza tristura; o mesmo se chove que se loce o sol: se chove, as pingas da choiva son bágoas do ceo; se o sol alumea, cada raiola desfaiase nunha fervenza de bagullas de lus. E as bágoas da choiva, e as bagullas da lus choutan, esbaran e rolan pol-a faciana da Terra, repetindo sin acougo: Foise Quintans, foise Quintans, foise Quintans...

IRMAN QUINTANS:

Que a nosa door nan se arrede endexamáis do noso peito; que o teu recordo a renove cada día, coma unha inquedanza do mañá, coma unha arela do porvir; coma unha dívida ao irmán querido que se foi, e que non se foi: que se foi de diante da nosa ollada, mais que ficou acochado dentro, moi dentro da nosa ialma. Dentro da nosa ialma pra atear, dende alí, a chama da nosa fe, e alumear o noso camiño; pra servírnos de guía na nosa rubida ao longo disa estrada pína que leva ao froreecer eterno da nosa Terra querida, da nosa Patria meiga, que os galegos levamos arrente da ialma, tanto na vida coma na morte.

Adeus, Quintans.

IRMANDIÑOS:

¡Cómo agana a gorxa iste derradeiro adeus!

¡Cómo aperta, cómo entala a ialma!

¡Qué pena... qué acedume... qué dó...! ¡FOISE QUINTANS!

FINOU EMILIO ESTEVEZ

Despois d'unha longa doenza finou en Bós Aires Emilio Estévez, un dos máis entusiastas galegos residentes n-esta cibdade, á que chegara nos anos primeiros do século, desde o seu povo ourensán, Celanova dos Infantes, onde nacera.

A súa humildade conxénita, non lle privou de sentirse en total-as ocasións, rexo e forte, cando era mester afirmar os anxeios afervoados da liberación caciñil e d-outras calamidades políticas que siguen tendo agriollado o pensamento do noso povo galego. Amigo dos seus amigos, que se contaron sempre a centos, el nunca negou a súa cooperación, cando era requirido pra intervir nos aitos culturais e artísticos que viñeron celebrando as nosas institucións, xa fosen de carácter local ou xa orgaizadas pol-as máis prestixiosas. Como bon galeguista, o arte noso levábao dentro do seu corazón; era consubstancial coa súa propia persoa.

Aqueles que o conocíamos desde os tempos que a chegada do Centro Galego á vida da coledividade requireu a presencia do arte, por vocación dun fato de rapaces, el foi dos que en col á Agrupación Artística Galega ao lado de Luis López Páez, Do-

minguez, José Vales, Gumersindo Vázquez —Paroleiro— e outros máis que escapan á nosa memoria, afirmaron a necesidade de fortalecer o prestixio dos nosos valores e da nosa personalidade rexional, esencia do propio valemto, en anxeios do erpimento da patria galega.

Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Leirás Pupeiro, Rosalía, a Santa, Curros Enríquez e outros máis poetas galegos, eran os que el prefería nas súas interpretacións declamatorias, sempre aplaudidas, porque, á abolencia dos autores, poñía da súa parte a emoción e o sentimento máis outo. Estévez era galego d'unha peza. A súa arte axudávalle na solencia, e na dignidade, posto que sempre desempeñou o seu papel artístico, na fe e na espranza de manter a columna de fogo guiadora dos povos que saben o que é vivir no deserto, opresos dos galos negros, como di Cabanillas, seu autor preferido.

Seu cadavre depositouse no Panteón do Centro Galego, en presenza de considerable xentío. Descanse en paz o bon irmán e que a xeneración presente siga o seu nobre vieiro de fe e de espranza na liberación da Terra opresa.

Conmemoración do 12º. Aniversario do Plebiscito Galego

AFIRMACION DE GALEGUEIDADE

Dende aquel 28 de Xuño inmemorable, no que Galiza ergueuse e afirmou a súa personalidade política, todos os anos celebra en Bós Aires o aniversario do memorabel acontecemento. Sempre a nosa colectividade latexou con fonda emoción patriótica, lembrando tan inesquecible data.

Pese ás desilusións sufridas pola conduta das democracias fronte ao problema hespañol, os galegos non sentimos o menor desmaio respecto dos nosos desexos autonómicos. Con máis forza si cabe, cada ano que pasa renouvamos as nosas demandas federalistas, para ben da nosa Terra e de toda a península, in-ruso o Portugal.

Este ano tamén a nosa colectividade congregouse nunha magna asamblea para celebrar o trascendente intre que vivimos todos os galegos no ano 36.

Orgaizado pola Federación de Sociedades Galegas, os centros provinciais da Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; o Centro de Betanzos, a Sociedade A. B. C. de Corubión e a Irmandade Galega, reaizouse nos salóns da devandita Federación un grandioso banquete que reuniu ao máis seleito da nosa colectividade e a destacadas personalidades vascas e catalanas.

Arredor de mil persoas enchian o espacioso local, que resultou pequeno para tanta xente, até o punto de ter que habilitar unha mesa no escenario a fin de dar cabida aos que non atopaban lugar onde sentarse. Esta mesa, nun xeito moi aprauidido, foi presidida polo-o presidente da Ir-

reitoria da Audición recordando a Galiza; os representantes da Comisión organizadora, presidida polo-o Sr. Ucha, e os representantes da prensa galega e argentina, especialmente invitados.

ADHESIONS RECIBIDAS

Moitidade de adhesións foron recibidas de todas partes. Entre elas destacamos as das Irmandades Galeguistas de Montevideo, Rosario e Mendoza; a da Unidade Galega, de Nova York; a dos Galegos Autonomistas do Brasil; a de Casa de Galiza, de Rosario; a dos galegos residentes na Habana; a da Sociedade Parroquias Unidas do Axuntamento de Rianxo; a da Asociación de Residentes de Mós; a da Sociedade do Partido Xudicial de Noia; a da Asociación de Rivadumia; a do Centro Villamarín Peroxano; a da Unión Republicana Xuvenil Hespañola; a do Centro de San-xeño; a da Agrupación Galiciana; a de Ramón Suárez Picallo, de Chile; a de Luis Tobío Fernández, do Uruguai; a de Xerardo Álvarez Galego, da Habana; a de Xosé Ares, de Rosario, en de Edelmiro Peña, desta capital.

O ESTATUTO DE GALIZA

Ao final do xantar, repartíuse entre os comensais un folleto editado pol-as entidades orgaizadoras do aito, folleto que contén o proietado Estatuto de Galiza, con antecedentes e comentarios, epostos nunha forma sintética, pero sen que nada de importancia quede esquecido para ilustración do movemento galeguista.



O Sr. UCHA LEENDO O SEU DISCURSO

mandade, D. Manuel Puente.

COMENZA O AITO

Coas bandeiras argentina e galega desplegadas no escenario, dou comenzo o brillante aito; enboándose o Hino Galego, que foi escollido e aprauidido longamente polo-a concurrencia posta en pé.

O aspecto da sala era verdadeiramente impresionante. Longas mesas, que cruzaban a da presidencia, viáanse atestadas de homes e mulleres que bulían con fervor patriótico.

Ocupaban os postos da cabeceira o presidente do Consello de Galiza, Alfonso R. Castelao ea súa dona; os conselleiros Antón Alonso Ríos e Elpidio Villaverde; as delegacións de Euzcadi e Cataluña, presididas pol-os doutores Basterrechea e Peláez Saas, señorita Maruxa Boga, di-

DISCURSO DE UCHA

Despóis da lectura das adhesións, efectuada polo-o Sr. Suárez Dopazo, que oficiou de "speaker", o secretario de Relacións da Federación e presidente da Comisión orgaizadora, Sr. Manuel Ucha, leu o seguinte discurso:

Señoras, Señores: A emoción de Galicia está hoxe

A Coleitivade Galega de Bós Aires Celebra con Entusiasmo a Data Memorabel - Varil Dcurso de Alfonso R. Castelao

aquí presente pra lembrar unha data histórica da nosa patria lexana: unha gloriosa efemerides, plea de esperanza e de magníficas posibilidades pra o futuro da Terra amada.

Atópase hoxe n-esta fraternal e patriótica reunión, as xentes de máis fina sensibilidade democrática e republicana, que repudian o réxime que aterra a nosa Terra, e ao mesmo tempo reafirman a súa eterna valores da liberdade; a sosteñen, con afevado entusiasmo, os ideais autonómicos de Galicia. Este Xantar, verdadeira eucaristía patriótica, está patrocinado pol-as entidades galegas de máis pura moicé, democrática. Son elas a Federación de Sociedades Galegas, Centros: Lucense, Orensano, Pontevedres, Corubión, Betanzos e Irmandade Galega, que, coas adhesións recibidas de moitas outras sociedades da nosa colectividade, tanto da Capital como do interior e exterior, conquíranse este aito unha verdadeira categoría nacional, i-é unha tanxible demostración da vitalidade do sentimento patriótico da Galicia emigrada, e do seu vellelado saudoso coa Terra lexana, que avela vella libre do infortunio que a oprime e aldraxa.

Reconforta o noso espírito de patriotas, ver hoxe aquí, a tanta xente dos máis diversos matizes e ideoloxías políticas do amplo campo republicano, a os que saudamos con fra-

ternal sentimento. Este aito e de siño galeguista; pero, enténdase ben, o galeguismo, que é sinónimo de patriotismo, non é patrimonio nin monopodio de ningún partido político:



PARTE DO PUBRICO ASISTENTE AO BANQUETE

no vasto campo galeguista, caben, e poden aitar, os homes das ideas políticas democráticas máis variadas i-encontradas; e todos poden, e sobre todo, deben loitar polo-a afirmación histórica da patria galega e polo-o dereito que ten a súa autodeterminación, de cuxo Estatuto celebra-

lingüísticos, culturais, sociais, etc. que se venen planteando dende fai un século, e que, con esta longa experiencia, chegase a conclusión, que étes non teñen solución acertada, si éntes non se outen a tan ardua autonomía, de cuxo Estatuto celebra-

mos n-este intre o 12º aniversario do plebiscito.

O fasto político que lembramos hoxe é o resultado de moitas décadas de loita denodada, de moitas tribulacions, de inxentes sacrificios. O movemento galeguista, que é un vasto programa de xustas e necesarias reivindicacións galegas, non é unha cousa improvisada, que responda o intrínseco o capricho de políticos patrióticos, senon que é unha verdadeira e sentida necesidade, e ten unha vella prosapia que se remonta, en xeral, a catro séculos atrás; pero que, concretamente, renoveuse ao principio da época romántica, que comen-za a principios do século pasado. O poema de poetas, primeiro: o poema "Alborada" de Pastor Díaz, ten pra nós a mesma significación e influencia, que a famosa "Oda" de Arribas, pros catalans. As campañas políticas de Antón Faraldo, en 1843; Vicetto e Murguía, en 1855, Sánchez Villamarín, en 1868; a Asamblea Popular de Santiago, en 1873; a de Lugo, en 1887 e o famoso discurso universitario de Brañas, en Santiago, no ano 1892, son feitos que sinalan o longo e escarpado camiño, deica a liberdade da nosa Terra. Non é, pois, unha improvisación, nin unha moda política pasaxeira; ten unha vella, noble e limpa executoria.

Desgraciadamente, a traición falanxista e reacionaria, abatido, non sabemos por canto tempo, a República; e con ela a posibilidade de realizar as nosas reivindicacións, de conquistar a autonomía pra Galicia. Correspóndenos a nos, os emigrados, loitar con coraxe e con fé polo-o triunfo final da democracia, e polo-a liberdade da nosa Patria. Estamos seguros que el ha de chegar, pro é preciso, é imperioso combater con afán incansable pra acelerar a súa chegada.

Señores: Adrede son breves as miñas verbas. Non quero privaros do placer de escoitar a palabra sabia i-eloquente do eminente compatriota que me seguirá no uso da verba, señor Castelao. Ele, moito máis doctamente que eu, vos ilustrará sobre o auto significado do aito que realizamos. Eu só vos pido, pra finalizar as miñas sinxelas palabras, que benredes conmigo: ¡Viva a República! ¡Viva Galicia Libre!

Nada máis.

CARTA DO DIPUTADO SOMOZA

Seguidamente o Sr. Rodolfo Prada dou lectura a unha fervorosa carta, prena de patriotismo, do deputado galego Sr. Alfredo Somoza, enviou para o aito dende Montevideo, cidade a on-

gración republicana acontecía e poetizaba en un pouco sobre d'ela, cando aínda me non había posto en contacto co os fillos da miña terra. E si esto dixen de aquela, ¿que non diré agora que soupen de moitas equivocadas actitudes políticas e comecín realidades impuras que botan por baixo a poetización de que vos falei?

Velai tendes porque eu non podía deixar de tomar parte nesta xuntanza, que ten ademais pra min o valor simbólico da expresión libre do sentir da nosa Terra, pois presentes o Consello de Galicia i-os delegados de todas as que casi que tolas as sociedades galegas espalladas pol-América, reconozcolles: aquel outo orgaismo a autoridade nada da calidade representativa dos que o compoñen i-aqueles entidades o valor de creelas a síntesis representativa do pobo galego, xa que nelas hai conciencia colectiva e liberdade pra espoñer, condición esta derradeira da que hoxe está orfa Galicia namentas non se creben as cadeas da tiranía que asoballa.

E por eso diante de vosoutros galegos d'América do Sul, coo pensamento na Pátria lexana dígovos que dentro do Partido ao que pertenczo loitarei sin descanso pra que aceite a implantación do sistema federalista cando se restaure a República en Hespaña. I anunciavos que deixaría de acatar a súa disciplina en canto esta me obrigase a me por enfrente dos outros intereses e das arelas da miña terra galega, a que me debo i-a que poño por diante no cumprimento das miñas obrigas, porque sei que d'este xeito sirvo ben a Galicia e a República Hespañola.

Faga chegar, irmán Presidente, un saúdo fraterno a todos os emigrados, voluntarios ou forzosos, que sofren do mal d'ausencia da terra en que fumos nados. Que o noso espírito voe cara ela pra lles levar aos que alá sofren na nosa solidariedade o seu dolor i-os nosos alentos pra que ese doir teña fin axiña co'a recuperación da liberdade perdida.

Seu o berro TERRA A NOSA!

dol-os partidos, un patriota galego e republicán "inacabable pol-os ácidos e infusible ao se-plete".

Fai unha reseña da situación política actual con xusteza e oitura, agregando: "todo canto nós fagamos ten que ser a base de republicanismo; coa monarquía, nada; os nosos anxeos esperan a terceira república".

Comenta logo os sucesos que trouxeron a primeira república, e di: "Os homes da revolución setembrina destronaron a Isabel II e buscaban un rei, un rei que non fora un Borbón nin un Austria, un home que fora dunha dinastía liberal; e Prin dixo que era moi difícil facer un rei; pero que era moito máis difícil facer unha república sen republicáns, nun país onde hai tantos reis como cidadáns. Atopouse un rei para Hespaña —agregou— Amadeo I, e o mesmo día que entraba o rei en Madrid caía asesinado Prin".

Refírese ás dificultades para gobernar con que tropezo este rei leal e cabaleiro até o intre que veuse obrigado a renunciar. Recolle as frases da renuncia que honran a quen as escribiu. Decía Amadeo que si o enemigo fora un estranxeiro, el poderíase ao fronte; pero el non se podía poñer fronte aos mesmos hespañes, que eran os verdadeiros enemigos de Hespaña. "¡Fora da lei —termina— non podería facer nada!".

"A renuncia —prosegue Castelao— foi aprobada por unhas Cortes monárquicas, que procuraron a república, tráguida pol-as circunstancias. Non houbo derramamento de sangue. E


Pasou logo a falar da segunda república.

"Unha caricatura do "Simplicissimus" —comenzou— decía que o sol non alumaba o ceo d'Hespaña e que Alfonso XIII e o representante de Fernán VII. A monarquía, pois, estaba "desprestixiada no estra-xeiro. A república veu por unhas eleccións municipais. O orixen foi distinto, pero o desenrollo foi o mesmo que o da primeira. Houbo os mesmos desordes e as mesmas intrigas que a levaron ao derrumbe. Os dirixentes son culpables de non saberen tomar medidas para evitar o asalto da república pol-os enemigos. Entón había povo, pero o gobernantos non souperon cumprir co seu deber".

Tras de seguir facendo a comparación entre as dúas repúblicas con axetadas verbas, eiscram: "Non hai homes nos actuais dirixentes que poidan aspirar a figurar en sellos de correo. Hai quen está desexando a restauración da monarquía, pero nós non aceptamos máis réxime que a república. Temos, pois, que axuntarnos para defender o porvir de Galiza na próxima terceira república. Hai que traballar diariamente para merecer o nome de defensor de Galiza".

Aludindo aos contubernios socialistas cos monárquicos, di con énfasis: "¡Abraíce Prieto con Xil Robles ou pase o que se queira, a Monarquía na Hespaña non se poderá restablecer. ¡Pobre de quen faga a restauración!".

Continúa dicindo que na terceira república os galegos tomaremos a iniciativa para impran-



CASTELAO PRONUNCIANDO O SEU DISCURSO

eso foi un mal para a república; que desdeño o poder dos enemigos. Houbo logo un desbaraxuste propiciado por todos os privilexiados en contra do novo réxime. Esta república naceu nas Cortes e morreu nas propias Cortes. Pavia foi o ver-dugo".

Entoa de seguida un emocionado eloxio a aqueles homes, exemplos de pureza e de republicanismo. Os nomes de Pi i Margall, Salmerón, Figueras, Castelao, Ourense, Eduardo Chao, saen dos seus beizos con agarimo e admiración. Fixo resaltar, por último, a conduta de Ruiz Zorrilla, que anque non era republicán —fora o primeiro ministro de D. Amadeo— tratou despois dende a Franza de restablecer a república e decía que a maior vergonza era axudar á restauración da monarquía.

Unha verdadeira ovación premiou as verbas alcendadas do esgrevio perseiro galego.

Elisí finou esta significativa festa, que rubrica a maneira de sentir da nosa colectividade, disposta sempre a acudir á chamada das voces ancestrais da nosa Terra.

O ESTATUTO DE GALIZA

(Ven da páx. 1ª)

representantes do traballo e a intelixencia, baixo as ponlas d'unha carbalreira cercada por soldados e policías. Alí nada ocorreu que xustificase o temor das autoridades; pero foi un dos actos que maior recordo deixaron en Galiza. Tratábase, simplemente, de buscar na solidariedade de todas as clases sociais de Galiza o trunfo das ideas que denantes se malograran pola trabucada táctica de fiar en pronunciamentos militares. No banquete de Conxo proclamouse de novo a unidade galega, e nada máis; pero nos brindis poéticos de Aguirre e Pondal brilou o anxeo de liberdade e democracia que aínda hoxe alumea o galeguismo.

Xa no 1855 aparecer na Cruña "El Clamor de Galicia", dirixido por Vicetto; en defensa da nosa personalidade nacional e dos dereitos que naturalmente nos corresponden; pero semellante orientación acadou un desenrolo completo no periódico "El Miño", fundado en Vigo no ano 1857 e inspirado por Murguía. Será ben anotar que da prensa d'este período saíron en 1863 os "Cantares Gallegos" de Rosalía, que foron saudados dende Cataluña como un grito de guerra lanzado por Galiza. Tamén compre rexistrar que a "Historia de Galicia", escrita por Murguía, dispoís da de Vicetto, foi a base do nacionalismo galego, acusado como tal polo académico Sánchez Moguel en 1888. En fin; á "custión galega", xa convertida por Vicetto e Murguía en ideal patriótico, reforzouse coa labor de López Cortón e dos irmáns La Iglesia, que ergaíron os Xogos Florais do 1861, imprimíndose con este motivo o *Album da Cridade* e fundándose, en 1864, a revista "Galicia", para aliar o intelectual co político nunha plea renascencia das nosas letras.

O día 22 de xullo do 1873, a pouco de instaurarse a primeira República, foi celebrada en Sant-Iago, por convocatoria do seu Alcalde, unha "Asamblea popular", na que se aprobou por aclamación o seguinte acordo: "Unha vez plantexada en Hespaña a forma republicana federal de goberno, resolvemos exercer o dereito de iniciativa para orgaizar política e administrativamente o noso territorio". D-aquela xuntanza, ena acta firmaron quíntos coarenta e cinco cidadáns, xurdeu un Directorio en constante actividade, que lanzou un manifesto autonomista ao país galego, recollendo, en información pública, moitas e vivísimas adhesións. Tan foi así, que non faltaron eregos que secundasen o desexo de constituir un Estado galego dentro da Federación hespañola, sumándose en calidade de cidadáns, xa que como tales cregos estaballes prohibido adherirse a unha forma estatal divorciada da Eirexa. Debemos engadir que o Presidente da Asamblea e do Directorio era Sánchez Villamarín, o autor d-un "Plan de Facenda Cantonal" para Galiza, trazado a raíz da revolución do 1868. Velahí un claro exemplo de conciencia política federalista, como non se ven en ningún outro povo de Hespaña.

Tamén realizou Galiza outra demostración única na historia política do oitocentos hespañol. Revélase no "Proyecto de Constitución ou Pacto Fundamental para o futuro Estado Galego", que precedeu á Constitución Federal aprobada en Zaragoza, cuio proxeito foi presentado polo "Consejo Ejecutivo da Rexión Galega" o día 24 de maio do 1883 e definitivamente disetido, votado e sancionado pola "Asamblea Federal do Territorio", reunida en Lugo o día 2 de xullo do 1887. O seu artigo segundo de así: "Esta Rexión crítese en Estado Autónomo e Soberán, e adopta a forma democrática-republicana federal para o seu goberno... Asímismo aspira á Confederación Ibérica, e dende logo contrae a obriga de coad-xuvar incesantemente, para recadar da Nación Portuguesa unha eterna alianza pactada sobre a base do mútuo consentimento e a vontade d-ambos povos". Non estará de máis

reproducir o telegrama que Pi i Margall dirixeu aos assembleístas de Lugo: "Galicia quiso ya, durante la guerra con Francia, establecer el sistema federal. Pláceme verla ahora ocupada en discutir su futura Constitución. Por el unitarismo van perdiendo todas las regiones su iniciativa, su personalidad y su vida; sólo por la federación cabe salvarlas; trabajemos todos por realizar esta última esperanza de los pueblos".

Nin que decir ten que o Ministro galego Eduardo Ochoa foi un dos redactores do proxeito de Constitución Federal da República do 73, coidándoa necesaria para salvar e mellorar a vida económica e social de Galiza, e defendéndoa coa mesma exemplar decisión con que defendeu a República (véxase a biografía de Chao escrita por Curros Enriquez). Deixemos adiantado que tal precedente influíu no ánimo do Ministro galego da segunda República, Casares Quiroga, para que votase a favor do sistema federal nas Cortes constituíntes do 1931.

Tense dito moitas veces que o federalismo dou contido doutrinal ao sentimento da galegitude; pero a idea da libre unión dos homes e dos povos está no noso íntimo modo de ser. Lembremos que o libro de Brañas, "El Regionalismo", impreso en 1889, foi o primeiro compendio doutrinal do autonomismo galego, cando nin Prat de la Riba nin Sabino Arana deran a luz ningún escrito que hoxe se poida citar (Brañas influíu nas directrices do movemento catalán, según confesión de Cambó). Así foi que cando Pi i Margall visitou Galiza no outono do 1892, díxolle a Brañas que o seu rexionalismo galego aventaxaba ao federalismo hespañol en que de por sí xa era un sistema político. N-efecto; Brañas esclarecera, mellor que ningún líder federal, a tendencia independentista dos povos hispanos, sentando as bases xustas e posibles d-un estado armónico para toda Hespaña. Pero Brañas fixera algo máis que escribir un libro: fundara un periódico, "La Patria Gallega", para difundir os ideas autonomistas; pronunciara discursos e conferencias a oito, dentro e fora de Galiza; e no seu discurso universitario de apertura de curso (1892-1893) concretara en dezaseis puntos todo un programa de Goberno galego. E todo isto ocorría no mesmo ano en que Cataluña formulaba por primeira vez o seu programa concreto de reivindicacións, por meio das famosas Bases de Manresa.

En 1889 os galegos da Habana publicaron "El Regionalismo Gallego" de Murguía, no que quedou ben sentado que Galiza é unha lexítima nación con dereito a vivir a súa vida en completa liberdade. Como adhesión á valente doutrina de Murguía, saíu a luz, na mesma cidade, un documento firmado por máis de mil donosentos emigrados, no que se actuaba ao Estado hespañol de ser un "organismo monstruoso", causante de que "os galegos non poidan vivir na súa terra". O lema dos galegos de Cuba era este: "Sexamos rexionalistas e teremos patria". Así se comprende que a bandeira azul e branca da nova Galiza ondease por primeira vez no Centro Galego da Habana e que alí se cantase, tamén por primeira vez, o Himno que hoxe todos os galegos escoitamos con reverencia.

O anxeo político de liberación marcou na "Liga Galega" do 1897, creada na Cruña para defensa de Galiza; seguíu avance nas campañas de "Solidaridade", do 1907, cuio "Catecismo", dirixido aos labregos, era unha incitación ao establecemento d-unha política exclusivamente galega; afincouse con motivo das "Asambleas Agrarias" de Monforte, do 1910, que abriron anexas luces no problema máis fondo de Galiza; axitou coas predicas de Basilio Alvarez, á cabeza de "Aición Galega". Pero, en verdade, foron as "Irmandades da Fala", iniciadas por Antón Vilar Ponte, en 1916, as que abriron

o novo ciclo de reafirmación galega. As "Irmandades da Fala", a "Irmandade Nazionalista", e, por último, o "Partido Galeguista" (este creado en 1931 como vangarda do galeguismo dentro da República), marcan as tres fases evolutivas d-un mesmo movemento de liberación galega, que se caracterizou pola súa eficacia, tanto no terreo da política como no da cultura. Os "galeguistas" celebraron Asambleas memorabeis: en Lugo (1918), Sant-Iago (1919, 1932, 1933, 1934 e 1935), Vigo (1920), Monforte (1921), A Cruña (1922 e 1930) e Pontevedra (1931). Ben se pode asegurar que nunca se coordinaron as varias ideoloxías, os varios esforzos e as varias ambicións de Galiza até que apareceron os "galeguistas". E a proba da súa eficacia está no Estatuto presentado ás Cortes da República.

Co dito abonda para probar que o autonomismo galego ven de moi lonxe e de moi adentro. E agora probaremos, igualmente, que o Estatuto de Galiza non foi un reflexo dos Estatutos catalán e vasco, como adoitan a decir os nosos nemígos, senón un documento elaborado por propia e espontánea decisión dos galegos, que en artes e en ciencias políticas nada teñen que adprender dos demais hespaños.

OS TRAMITES DO ESTATUTO

No mes de outono do 1929 fundouse a ORGA (Organización republicana galega autónoma), e no seu primeiro manifesto decía cousas coma estas: "Hoxe cada galego sente tan fondo o grito da raza, e de tal maneira se solidariza coas custións da súa terra, que xa non se contenta con sentila e amala, senón que se apresta a destacala e impoñela. Galiza ten hoxe, a máis d-unha personalidade, unha conciencia d-ela e da súa misión no mundo"; "... para nós foi e si-gue sendo razón de existencia a instauración en Hespaña da República Federal"; "... poderemos chegar a unha Hespaña poderosa, e imandándose con Portugal, poder conseguir que Iberia erga a súa nobre figura nos futuros Estados Unidos de Europa". N-este Partido militaron unha boa parte dos galeguistas de primeira hora.

O día 16 de marzo do 1930 celebrouse a sonada xuntanza de todos os repúblicáns galegos, en Lestrove, firmándose un pacto, no que se decía: "... chegou a hora de que Galiza demostre querer ser libre e puxante"; "... e a República terá de ser federal, porque tal é a vontade dos repúblicáns, consentes de que o federalismo achega o goberno ao povo, axetándose ás peculiaridades rexionais, tan varias pola historia e o carácter hespañol". O pacto de Lestrove sirveu para designar a Casares Quiroga como representante de Galiza na xuntanza republicana de San Sebastián, onde reclamou para o noso país o mesmo trato que se lle dese a Cataluña.

O día 25 de setembro do 1930 celebrouse unha xuntanza de personalidades galegas (moitas d-elas xa declaradas repúblicáns), no Pazo de Barrrantes, que firmaron un documento, no que se estamparon afirmacións como estas: "Estamos certos e seguros de que a causa de todos os males e doores de Galiza está no centralismo chuchador das enerxías rexionais, levado, por desprezo e malquerencia, a un esquecemento dos nosos lexítimos anxeos. Ao centralismo debe Galiza o seu estado de ruína, o seu atraso e o seu encadeamento"; "... é forza declarar que o rexurdimento de Galiza está pendurado do recoñecemento da súa personalidade rexional, d-acordo coa historia e co espírito da nosa terra: unha completa autonomía política e administrativa, que dispoña de meios d-abondo para lograr o seu engrandecemento".

Ao presentirse o adveñimento da segunda República hespañola, o "Secretariado de Estudos Galegos" propuxo aos repúblicáns de Galiza un

proxeito de Estatuto autonómico, que saíu a luz o día 6 de maio do 1931 —aos poucos días de ser derrubada a monarquía—; e o seu primeiro artigo decía así: "Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Hespañola". Este proxeito de Estatuto foi o primeiro que se formulou en Hespaña aos efectos de exercer o dereito de iniciativa, conforme ás boas normas do federalismo. Ao mesmo tempo, a "Sección de ciencias sociais, políticas e económicas" do Seminario, presentou á pública consideración, como anexo do proxeito de Estatuto, un estudo da custión económica-fiscal, formulado por Bóveda, no que se demostraba, con números irrefutabíes, que o réxime de autonomía integral era conveniente para Galiza e que non perxudicaba aos demais povos de Hespaña.

Aínda o Goberno provisional da República non convocara a Cortes constituíntes cando a "Federación Republicana Galega" celebrou unha magna Asamblea de todos os grupos e elementos afeitos ao novo réxime en Galiza. Esta Asamblea levouse a cabo na Cruña, o día 20 de maio de 1931, con extraordinaria concurrencia. Alí se discutiron e aprobaron as "Bases para o Estatuto Galego", ena primeira parte comeza coas seguintes verbas: "Galiza é un Estado autónomo dentro da República Federal Hespañola". Con este acto volveu a manifestarse, por encésima vez, a vocación federalista de Galiza, e o documento alí aprobado foi o mandato moral que os Diputados de Galiza levaron ás Cortes constituíntes.

En maio do 1931 o "Segredariado de Galiza en Madrid" presentou ao xefe do país galego unha "Aportación ao estudo do seu Estatuto rexional". Tamén contou Galiza coa considerabel aportación do "Instituto de Estudos Galegos", da Cruña, dirixido por Casás, que elaborou un proxeito completo de Estatuto. Ao mesmo tempo "Labor Galega", de Pontevedra, destacábase, coas súas ponencias, no afán de perfeccionar o documento básico da nosa autonomía. O Estatuto preocupou favorablemente a todos os elementos galegos, mesmo aos que non recibiran con agrado o novo réxime. Como se sabe, a República nin foi federal, nin "federal", como se dixo, pois o artigo 13 da Constitución rezaba así "En ningún caso se admite la Federación de regiones autónomas". Quedaron, pois, fanados os proxeitos federalistas do Estatuto galego, escritos no período preconstituente da segunda República; pero en canto as Cortes estableceron as competencias do Estado e das Rexións autónomas, formouse unha Comisión parlamentaria, electa polos Diputados das catro provincias de Galiza, para redactar un novo proxeito de Estatuto, axetado á Lei fundamental da República. Elaborouse un novo proxeito, que os Diputados levaron á Cruña e depositaron nas mans do Presidente da Diputación provincial. O seu primeiro artigo decía así: "Galiza é unha Rexión autónoma dentro da República Hespañola".

Coincidindo coa aprobación da Carta constitucional da República, fundouse o "Partido Galeguista" (6 de Nadal do 1931) para velar polos intereses morais e materiais de Galiza dentro da nova Lei. A súa declaración de principios foi a seguinte: I, Galiza, unidade cultural. Afincamento das características da personalidade galega: lingua, arte, espírito. II, Galiza, povo autónomo. Autodeterminación política de Galiza dentro da forma de goberno repúblicán. III, Galiza, comunidade cooperativa. A terra para o Traballo; o traballo para a Terra. IV, Galiza, célula de universalidade. Anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo.

Decorroneron algúns meses de indecisión, e o día 27 de abril do 1932, o Concello municipal de Sant-Iago tomou a iniciativa de convocar a todos os Axuntamentos galegos a unha Asamblea rexional d-estas corpora-

cións populares, a fin de que, concurrido os seus representantes con plenitude de poderes, poidera elaborar e aprobarse o Estatuto de Galiza, para sometelo dispois a plebiscito e, unha vez aceptado polo povo, enviá-lo, como espresión xenuína da vontade xeral do país, á sanción, constitucionalmente obrigatoria, das Cortes xeraes do Estado hespañol. Este foi o arranque d-un movemento circunstancial, que tivo por obxecto dar estado xurídico ao problema autonomista de Galiza, sempre negado pola monarquía e moi mal comprendido pola República.

A Municipalidade de Sant-Iago fixo honor ao seu acordo. O día 3 de xullo do 1932 celebrouse, no Paraninfo da Universidade compostelán, unha Asamblea preparatoria, na que estiveron representados os elementos políticos, administrativos, económicos e culturais que integraban a vida social de Galiza. Alí nomeouse unha Comisión de técnicos, encarregada de redactar un novo anteproyecto de Estatuto armonizando as varias tendencias dos proxeitos anteriores, suxetándose aos preceptos da Constitución e tendo en conta os debates producidos no Parlamento ao ser discutido o Estatuto de Cataluña. Os técnicos deron cima ao seu traballo, que sometaron a unha información pública, na que calquera galego tiña dereito a emitir o seu xuízo; e logo de refacer en algúns puntos a primeira ponencia, redactouse a definitiva, que tería de ser a base de discusión na Asamblea rexional dos Axuntamentos.

A dita Asamblea levouse a efecto en Sant-Iago, nos días 17, 18 e 19 de Nadal do 1932, e a ela concorreron, ademais dos Axuntamentos, todas as forzas vivas do país. Alí se discutiu, artigo por artigo, a ponencia formulada pola Comisión de técnicos, producíndose debates acalorados e de grande outura, nos que se puxo de manifesto a vontade férrea e o talento luminoso de Bóveda, heroi d-aquelas xornadas. E dispois de tres días de discusión ficou cumprido o primeiro trámite constitucional, erxuéndose tamaño entusiasmo que poderíamos ir axiña ao plebiscito coa plea seguridade de gañarlo. A sesión de clausura foi transmitida telefónicamente aos galegos de Bos Aires.

Compre decir que Galiza tiña solicitado un decreto que lle permitise realizar as dúas probas eisixidas polo artigo 12 da Constitución, tal como lle fora concedido a Cataluña e ao País Vasco; pero Galiza só recibíu a calada por resposta. A pesares d-esta incorreición do Goberno da República, que delataba unha péssima vontade, os Axuntamentos galegos compriron a primeira eisixencia constitucional, por meio dos seus representantes na Asamblea de Sant-Iago e, ademais, por acordo solemne das respectivas corporacións municipais. Pero Galiza non podía levar a efecto a segunda proba, ou sexa a do referendun plebiscitario, porque ningunha das súas entidades xurídicas tiña atribucións para convocar aos electores. Foi, pois, o Goberno de Madrid quen tivo a culpa de que Galiza non fose autónoma ao estalar a guerra civil.

O "Comité Central pro Autonomía de Galiza", en nome dos Axuntamentos, dirixíuse de novo ao Goberno da República, en demanda do decreto que permitise realizar o plebiscito, e dispois de insistentes pedidos, incluso por meio de rogos parlamentarios e por unha resoante interpelación, o Goberno da República díñouse conceder un decreto caprichoso, dado en Madrid, a 27 de maio do 1933 e aos sete meses de serlle pedido con urxencia. O decreto rompía o procedemento que sentara xurisprudencia nos decretos anteriores, concedidos a Cataluña e a Euzendi, pois en ningún d-eles se establecera ningunha este de intervencións. Velahí un treito do decreto: "Podrán designar

(Pasa á páx. 7ª)

Refleisi3ns

No Primeiro Aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza

¡28 de xunio do 1936! A data tén pra Galiza o valor de unha efemérides. Cicais a efemérides de máis forte contido político, social i-espiritual, d'end'a perda da nosa personalidade nacional. N'esa data, máis de un millón de galegos, residentes na Terra, e diseminados baixo todol-os ceos do mundo, afirmaron o propósito de facer de Galiza unha patria nova, culta, rica e ceibe, dentro da comunidade hispánica, baixo a eixida da República hespañola. O noso povo, en uso do dereito que lle concedía a Constitución republicana i-en función do deber que lle impón o seu carácter de comunidade nacional fortemente diferenciada, aprobou n'un magno plebiscito o Estatuto autonómico de Galiza. Todal-as zonas do vivir galego —o traballo do mar e da terra, a cultura en total-as súas manifestacións, o pensamento i-as ideas novas nos seus múltiples matices— atopáronse aquel día enroitados no mesmo vireiro: A autonomía de Galiza i-a carta estatutaria que lle daba cauce e norma. Houbo unha eiscepción: os elementos reaccionarios, que por sel-o, foron sempre alleos a Galiza i-o seu espírito. Por cohardía, non se estreveron d'aquela a facerlle frente ás forzas populares. Rosmaron pol-o baixo agardando intres mellores. Os intres chegaronlles o 20 de xulio. Saliron das súas toupeiras e lanzaron por todol-os camiños de Galiza os retoños sinistros de Caín o fratrícidia pra que asesinasen a Galiza, renacida n'unha mañán de San Xohan. A caste maldita matou, roubou, queimou, aplastou, submeteu, acoitelou o corpo físico de Galiza e dos seus fillos millores; mais o espírito que cantou súa alborada de esperanza e de fé o 28 de San Xohan, queda en pé, imarcesibel, porque é inmorredoiro. Frol inxel, regada con quente sangue de mártires, dará policromía e recendo na próxima primavera.

Oxe, dende a lonxanía, onde arrastramos a nosa amargura e regamos con zume de door a nosa esperanza, adicámolle á data estas liñas que queren ser lembranza, reflexión e afirmación, ao par que ofrenda devota aos forxadores da grande xornada, caídos cando o gran empeño ía ser belida realidade. ¡Loubor á súa sagra memoria!

A CAMPAÑA ESTATUTISTA I-O PROBLEMAS DE GALIZA

A campaña de propaganda que precedeu ó plebiscito, tanto pol-a súa intensidade coma pol-o seu contido, non ten precedentes nin en Galiza nin en ningunha outra rexión española. A sensibilidade galega, dimpóis de catro séculos de embotamento, foi despertada dende todol-os puntos: os problemas económicos e técnicos da terra e do mar, de imposibel solución no réximen centralista; os múltiples aspectos da cultura e do arte propios, sempre descoñecidos; as posibilidades inmensas de facer de Galiza unha democracia social exemplar sin caciques zafios; as bases de unha economía florescente prás que ten Galiza múl-

POR
RAMON SUAREZ PICALLO

tiples fontes inéditas; o anxeio de dignificar a vida pública pol-a intervención directa do povo, das súas xentes mozas, cultas e puras, na xestión política e administrativa; o desexo de que os nosos mozos deran os seus esforzos á propia terra sen ir máis nunca a ganar o pan a estranas terras; a seguridade de que en Galiza, n'un réximen novo total-as ideas, aínda as máis destemidas, habían de desenvolverse n'un ambiente de respecto e de civilidade fraternal. Tales foron os temas, tratados a fondo, como endexamáis se trataron, que inspiraron aquela campaña. Con cifras, con moitas cifras, eispresión aritmética da nosa pasada esclavitude e poema cifrado da nosa futura liberdade. Poucas veces —¡ouh eixemplar vida e morte de Alexandro Bóveda!— as matemáticas alcanzáron tan grande valor emocional i-eispresivo. Milleiros de mitins e conferencias, a cargo de oradores dos matices máis varios: obreiros manuais a veira dos estudantes; mariñeiros e mestres de escola mesturados con artistas e profesores da Universidade; mozos campestes i-escritores en xuntanza fraterna. Comunistas, galeguistas, sindicalistas e republicanos de todol-os partidos, collidos do brazo, percorreron estradas e corredeiras, carreiros do val e da montaña na Cruzada Nova. Millóns de follas impresas. Millóns de carteis con verbas dos poetas, dos precursores e dos novos valores. Auditorios inmensos, ávidos de coñecer a fondo total-as custións. O povo galego n'un pulo xigante puxo os nervios en tensión disposto a romper o groso calabrote catrosecular que o ataba a un pasado de miseria física e moral. Por eso a xornada plebiscitaria tivo o carácter d'unha Festa cívica. A festa esperanzada de abrir os cimentos d'unha inxente construción. A creación d'unha ferramenta nova, viña do trinque, pra poñer na man de un povo estremecido de anxeios creadores, disposto a remozar o vello Fogar de Breogán de que fala o Bardo. ¿Puido morrer todo aquilo? Non. Aquelo vive e vivirá sempre. Porque aquilo non foi un feito esporádico, circunstancial, arbitrario na vida do noso país. Aquelo foi o fito histórico d'unha comunidade humán, que non poden borrar ningunhas forzas militares traidoras a súa patria, nin aseñalar falanxes de alleiros e de descastados, nin ausorver ningún Estado totalitario, aínda no caso de trunfar de momento. Aquela sementeira, regada con sangue xeneroso, terá o seu xermolar.

A AUTONOMIA DE GALIZA I-O FRENTE POPULAR

O ideal da galeguidade concretado na autodeterminación política de Galiza, que fora sentimento lírico nos poetas precursores, sedimento cultural i-anxeio investigador nos continuadores, convertíuse n'unha forte correntada política e social nos

novos espíritos. Acolledor de total-as ideas influíu canto en Galiza significaba arela de superación. E conste que decimos galeguidade, e non galeguismo, pra significar a súa eistensión a todas as forzas políticas, sociais e culturais que vivían na nosa terra, máis aló de toda fronteira partidista. En xaneiro do 1934, a un mes de iniciado o bienio negro, moito antes de que xurdira na Hespaña e no mundo a idea do Frente Popular, unha asamblea galeguista celebrada en Ourens facía unha declaración que era un chamamento a total-as forzas políticas, republicanas e obreiras para unha colaboración conxunta, cuya primeira consigna era a autonomía de Galiza. Os periódicos A Nosa Terra, Claridad e Ser; O País, de Pontevedra; J. R., de Ferrol, e outors, consagráronse a proclamar a súa necesidade en horas ben duras e tristes. Por eso, cando o Frente Popular foi un feito en toda Hespaña, xa facía tempo que existía tácitamente en Galiza. Galiza intuíu o 16 de febreiro que o trunfo do Frente Popular era o trunfo da súa autonomía. Por eso trunfou o Frente Popular, alí onde o povo puido eispresar a súa vontade.

A parte do seu programa nacional, maravillosamente apto no setenta por cen dos seus puntos, pra ser aplicado á morfología económico-social de Galiza, tiña na nosa terra un novo e poderoso factor de avencellamento: o desexo eispresado por todas as forzas que o integraban, de conquistar a autonomía. De ahí que a xornada estatutista —aínda máis que a do 16 de febreiro— e os poucos días que lle seguiron (até que foi consumada a mouro traición que enloita i-ensangrenta a patria) consagrasen para sempre o Frente Popular en Galiza como única forza chamada a construír a grande obra proietada.

Non é de oxe este pensamento noso. E de sempre, d'end'o mesmo intre en que a Revolución abriu o seu primeiro capítulo aló pol-o 1917; pensamento acentuado cando Galiza se dispoñía a iniciar a súa nova vida;

CANTARES

Como queres que che quera
nin que che teña afición
si outro paxariño voa
dentro do meu corazón.

O paxaro de María
anda nas miñas cereixas,
come, paxariño, come,
que ei de ver as que me deixas.

—Rosíña, por qué non cantas?
—Porque non teño alegría;
o que se faga de noite
sempre se sabe de día.

Xa comín e xa bebín,
xa tomei auga no vaso;
xa tomei amores novos
e de ti non fago caso.

Carballeira de San Xusto
carballeira derramada;
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.

Como te pille no prado
como te pillei máis veces,
heiche de meter no corpo
herba para nove meses.

O Estatuto de Galiza

(Ven da páx. 6*)

interventores en las mesas electorales los Ayuntamientos y Diputaciones de la región, las Cámaras Oficiales, los Colegios profesionales oficialmente reconocidos, la Universidad de Santiago, la Academia Gallega y las Asociaciones patronales y obreras legalmente constituidas en la fecha de esta convocatoria". O rigor reservado para Galiza correu parellas coa inorancia revelada no escrito ministerial, xa que do dereito de intervir no plebiscito quedaban escluidas as Sociedades Agrarias, porque os nosos agricultores, según a lei hespañola, nin eran patróns nin obreiros, anque foran e sigan sendo os que máis traballan e se afanan sobor da nosa desventurada terra.

Axiña entrou a República hespañola no chamado "bienio negro". Os primeiros intres foron tan duros que a verba "Estatuto" significaba o deserro para quen a pronunciasse no noso país. Os elementos da ORGA ingresaron no partido de Azaña, deixando aos "galeguistas", como únicos abandeirados da "política rexional". ¿Qué facer, pois? Os "galeguistas" xuramentáronse para gardaren absoluto silencio sobor do decreto plebiscitario, a ver se o Goberno se esquecía de derogalo, pois o primeiro trámite xa estaba cumprido e contando con aquel decreto podía celebrarse o plebiscito cando soplasen ventos mellores. O Partido Galeguista, no entanto, púxose á fala cos dirixentes de Izquierda Republicana, e a fins do 1935 chegaron ambas agrupacións a comprometérense n-un pacto de alianza, firmado pol-o propio Azaña, sobor de cláusulas coma estas: "Republicanización de Galiza"; "Autodeterminación política de Galiza".

En febreiro do 1936 celebráronse en Hespaña as derradeiras eleccións de Diputados a Cortes. O pacto do Frente Popular en Galiza —no que os "galeguistas" entraron como aliados de Izquierda Republicana— contiña o compromiso de ir inmediatamente á celebración do plebiscito, e, unha vez gañadas as eleccións, puido realizarse, gracias a dispoñer d-un decreto esquecido até pol-o seu propio redactor. Como ben se sabe, o plebiscito levouse a cabo no día 28 de xunio do mesmo ano, e o resultado sobrepasou, en todas e cada unha das provincias galegas, o porcentaxe que a Lei eixixía. O trunfo estaba descontado, pol-o compromiso de todol-os partidos integrantes do Frente Popular e pol-a falla de oposición dos señores de dereita. Galiza, pois, comprou de maneira insuperabel os trámites establecidos pol-a Constitución, e puido presentar o seu Estatuto ás Cortes da República o día 15 de xullo do 1936, tres días antes de

pensamento feito carne e sangue, única esperanza nosa para oxe e para mañán, pra soergue-la da súa actual desventura. E tamén pra facer a xustiza, inelisorable, que d'end'o Alén reclaman os nosos mortos benamados, caídos en suprema comunidade de martirio. Frente Popular para oxe, para mañán e para sempre, arrequentado con novas forzas —indiferentes na hora do plebiscito— dispostas agora a participar na reconstrución do fogar común desfeito. Frente Popular da Libertade da nosa patria galega, de grandes horizontes, de ilimitada cordialidade, sin reservas e sin resquemores, sin miudas inxustizas, soerguendo o corazón pra que pasen por debaixo, sin tocarlle, as pequenas cousas inherentes á nosa condición humán; buscando, con afincado e xeneroso tesón todo canto poida unir total-as nosas virtudes creadoras que as hai en toda criatura. ¿Como n'aqueles días esperanzados, de trementes emocións, precursores do 16 de febreiro e do 28 do San Xohán do 1936!

(De "Nova Galiza" do 10. de Xulio de 1937).

estalar a guerra civil.

Votaron a favor do Estatuto: 993.351 electores. Votaron en contra 6.161. E votaron en branco: 1.451. Téñase en conta que o número de electores galegos, inscritos no Censo, era de 1.343.135 e que o quorum necesario para gañar o plebiscito, según a Lei, era de 895.423; e, polo tanto, houbo un exceso de votos favorables, que se ergue a 97.927, co que quedon definitivamente aprobado o Estatuto proposto pol-os Axuntamentos de Galiza en 1932. Debemos remarcar que en ningún intre do acto plebiscitario se produxo a menor reclamación ou protesta, de modo que o intervencionismo establecido no decreto ministerial, foi unha de tantas ofensas inferidas a Galiza sen máis motivo que "a mala lei que nos teñen"; pero ese decreto sirvenos agora para valorizar a documentación que Galiza entregou ás Cortes da República. Compre engadir que os galegos emigrados tamén espresaron a súa vontade autonomista n-un plebiscito que dou en chamarse "sentimental". En Madrid, por exemplo, recolléronse máis de trinta mil firmas a favor do Estatuto, e cincuenta e cinco entidades de Bos Aires enviaron ao Comité pro Autonomía de Galiza o seguinte telegrama: "Sociedades galegas de Bos Aires, que agrupan cento cincuenta mil asociados, reunidas por Centro Galego para unificar ideas encol plebiscito autonomista rexional, acordan asumir representación colectiva radicada en Arxentina e pedir ese Comité divulgación por todol-os medios posibles dos seus ferventes desexos de que irmáns d'ahí se inspiren no máis erigido patriotismo para levar a Galiza outos destinos ao votarse plebiscito en demanda da súa autonomía".

O Estatuto de Galiza, entregado ao Presidente do Congreso, o día 15 de xullo do 1936, tomou estado parlamentario na memorabel sesión de Cortes celebrada en Monserrat o día 1: de febreiro do 1938. Certo que a guerra civil podería xustificar tanta tardanza no cumprimento d-este requisito; pero, en verdade, non foi a guerra, senón a eterna manía de impedir ou retardar calquera xusticia que a Galiza se lle deba. Velahí as verbas con que o acto se consigna no Diario de Sesións: "El Sr. Presidente: Ha sido presentado a la Mesa, cumpliendo todas las formalidades reglamentarias, el Estatuto de la región gallega. Los señores representantes de los distintos grupos parlamentarios manifestarán en momento oportuno las personas que habrán de constituir la Comisión correspondiente".

Anos máis tarde, creouse o Goberno estraterritorial da República hespañola, presidido por Giral; e na declaración que fixo ante as Cortes axuntadas en México, o día 7 de novembro do 1945, lembrouse do noso dereito coas seguintes verbas: "...Por último, Galicia dejó expresada su voluntad de autonomía en el texto del Estatuto plebiscitado y aprobado por el pueblo gallego, que en su día tomó estado parlamentario y quedó pendiente del examen y aprobación de las Cortes". Na terceira xuntanza de Cortes en México (día 9 do mesmo mes e ano), propúxose o nomeamento da Comisión de Estatutos, dando lugar a un longo debate, que consumou a xornada enteira. Falaron moitos Diputados, e non todos con boa fé; pero ningún d-eles —nin o mesmo Prieto— se atreven a discutir o dereito gañado por Galiza. Ao final ficou constituída a "Comisión del Estatuto Gallego", gracias á forte solidariedade dos parlamentarios galegos, que impuxeron un respecto xeral e gañaron a simpatía do ambiente; pero temos que doerns d-unha única nota discordante, dada por un representante do "noso" povo: Pedro Longueira Patiño, a quen alí mesmo se lle calificou de traidor.

Velahí a demostración do noso autonomismo e do noso afán de armonía peninsular. E quen se negue a recoñecer os dereitos de Galiza cometerá un grave erro e unha notoria inxusticia.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO CENTRAL B

FRANQUEO PAGADO
Concesión N.º 2032

TARIFA REDUCIDA
Concesión N.º 2727

Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Año XXX — Núm. 462

BOS AIRES, XUÑO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

"Xornadas Galegas"

Orgaizadas pol-o Centro Galego pra festexar o

Día de Galiza

O Centro Galego de Bós Aires dispónse iste ano a celebrar, de xeito estraordinario, a nosa gran data patria do 25 de Xulio: DIA DE GALIZA. A súa Comisión de Cultura preparou un amplo programa de aitos que responden, todos eles, a unha traza líña patriótica galega. O programa constitúe unha verdadeira mobilización dos máis e millores elementos — intelectuais e artísticos —, con que hoxe conta a nosa colectividade na Arxentina, o cal imprímille un carácter de outra categoría e de nítida galeguidade. A resoanza que os aitos terán, sen dúbida, na prensa e nos círculos culturais do país, será motivo de verdadeiro orgullo para os galegos eiqui residentes e redundará en brillo e prestixio pra o nome sagro de Galiza.

Compre que fagamos destacar do programa tres aitos que son de outra categoría, que, de por sí, honran o nome galego na Arxentina: o Festival Literario e Artístico a celebrarse no Teatro "Argentino" o 25 de Xulio, no cal se distribuirán os premios dos Concursos Literarios de 1946 e 1947 coa intervención da máis esgrevia figura galega da actualidade, o noso gran irmán Castela, quen pronunciará unha alocución patriótica; a eispósición de obras do máis enxebre pintor galego d-ista hora, Manuel Colmeiro, quen xa ten acadado auto prestixio internacional e cuos merecementos lle valeron conquistar o Premio pra Estranxeiros que otorga anualmente o Salón Nacional de Pintura de Bós Aires; e a 1ª Eispósición do Libro Galego que costuirá unha verdadeira revelación pra os estudosos do Plata e tamén pra as nosas propias xentes. Cada un d-ises aitos, abundaría pra lle dar relevo e prestixio á colectividade galega, e pra merecer a entidade orgaizadora — o Centro Galego —, afervorada gratitude dos fillos de Galiza.

Vel-eiqui, en síntesis o programa:

Día 3 de Xulio, ás 16 horas: Homaxe á nosa patria, Galiza, consistente en ofrenda froral na rúa que leva o seu nome n-ista Capital, con discurso do presidente do Centro Galego, D. Xosé Villamarín, e actuación da Coral Polifónica da Casa de Galicia que dirixe o mestre Vilatóba.

Día 5 de Xulio, ás 18 horas: Inauguración da Eispósición de Pintura de Colmeiro na Galería Müller, rúa Florida 946, que permanecerá aberta ao público hasta o día 17 de Xulio. Na dita Eispósición ditará unha confe-

renza sobor a obra de Colmeiro, o escritor galego D. Lorenzo Varela o día lús 12 de Xulio, ás 18 horas. A crasura da eispósición farase o día sábado 17 de Xulio, ás 19 horas, con una disertación do escritor galego, Dr. Xosé Núñez Búa.

Día 18 de Xulio, domingo, ás 10.30 horas: Farase un homaxe á nosa inmortal Rosalía de Castro, diante do busto da gran poetisa no vestíbulo do Centro Galego. Pronunciará unhas verbas o presidente d-isa Institución, D. Xosé Villamarín, e logo fará o discurso alusivo o noso irmán poeta D. Avelino Díaz. Seguidamente, o Coro do Centro Betanzos, "Os Rumorosos", baixo a dirección do mestre D. Xosé Corralini, cantará o "Himno Galego" e as pezas "Beira Mar", "Negra Sombra" eo preludio de "Maruxa". As 11.30 horas, no mesmo local do Centro Galego, farase a entrega de diplomas aos socios que cumpriron as Bodas de Prata coa entidade e aos ex-membros da Xunta Directiva da mesma.

Día 24 de Xulio, ás 11 horas: Homaxe á colectividade galega ao prócer arxentino, Gral. D. Xosé de San Martín, diante da súa estatua na Plaza San Martín. Farase unha ofrenda froral con discurso do Dr. Pedro F. Prado. As 13 horas do mesmo día sábado 24 de Xulio, renderase un homaxe aos socios do Centro Galego mortos, consistente n-un funeral cívico no Panteón da entidade (no Cemiterio do Oeste), con discurso do noso irmán D. Rodolfo Prada. E pol-a tarde do mesmo sábado 24 de Xulio, ás 18 horas, farase a inauguración da Eispósición do Libro Galego, na Sala Kraft, rúa Florida 681, con verbas do presidente do Centro Galego e con discurso do escritor galego D. Xavier Bóveda.

Día domingo 25 de Xulio, DIA DE GALIZA, ás 9 horas: Misa no Panteón do Centro Galego na memoria dos consocios mortos; ás 10 horas, gran aito literario e artístico no Teatro "Argentino", rúa Bmé. Mitre 1448, con "Himno Galego" pol-o Coro "Terra Nosa" do Centro Ourensán, baixo a dirección do mestre D. Isidro B. Maiztegui; verbas pol-o presidente do Centro Galego, entrega dos premios dos Concursos Literarios dos anos 1946 e 1947, recitado pol-o poeta D. Xavier Bóveda, alocución patriótica pol-o irmán D. Alfonso R. Castela, e concerto de cantos galegos e arxentinos pol-o Coro "Terra Nosa" do Centro Ourensán; ás 13 horas, gran banquete de confraternidade galega, no salón "Ambassadeurs", rúa Figueroa Alcorta 3428.



De Antón Zapata García

Loubanza ao Grau de Millo

POEMA EN DOCE SONETOS

A Ramón Otero Pedrayo,
no fondo agarimo á Nai
Terra Galega

(Continuación do núm. derradeiro)

Branco grau de millo,
de Sara Mai fillo;
branco pan de broa
de condición boa:
Fartureto, novo
Cristo do meu povo,
con amor che canto
¡Santo, Santo, Santo!...

COLLEITA

Os milleirales, que os fouciños tallan,
ván n-as caínzas pr-ós eirais d-aldea;
outros, en monllos, postos en morea,
quedan n-as agramas, pois os brazos fallan.

Os máis, en meda provisórea empallan,
porque aínda infruxa no ar a lúa chea,
que, anque a natura se mantén serca,
poida que vente e chova: as pegas gra

Hai pol-o ambiente como santa obriga:
todos traballan pol-o ben da espiga,
e, por logral-o, non hai que non bula

darredore de tan nobre fruto
que, n-este día de setembro enxuldo,
¡pra mañán soña que terá escasula!

VI

ESCASULA

D-antes que a aurora —que n-ourent-entinta
viventes rosas na xovial fazula—,
xa entre as mulleres, vidas pr-á escasula,
fundouse o "Reino da Mazorca Pinta". (1).

Tocúlle a sorte á risona Chinta (2)
unha riqueza que ninguén calcula:
¡ser a reína, sen valerlle escasula,
pois procamárona coarta ves ou quinta!

Todos celebran, homes e mulleres
—uns, son da casa, ou d-alí d-aldea—,
de qu-este é un ano bó pintor d-espigas..

As gargalladas sonan sin leceres...
je hastr-as mazorcas de cumial morea
sorrir semellan como as raparigas!

Día 26 de Xulio, ás 18 horas: Conferenza pol-o escritor galego D. Edoardo Blanco Amor, no salón da Eispósición do Libro Galego, rúa Florida 691.

Día 28 de Xulio, ás 18 horas: Conferenza pol-o escritor arxentino D. Manuel Agromayor, no mesmo dito Salón da Eispósición do Libro Galego.

Día 31 de Xulio, sábado, ás 18 horas: Conferenza pol-o escritor galego, irmán Dr. Lois Tobío Fernández, no mesmo dito Salón da Eispósición do Libro Galego, rúa Florida 681.

Día 2 de Agosto, ás 19.30 hs.: Crasura da Eispósición do Libro Galego, con verbas pol-o Biblio-

tecario do Centro Galego, D. Constantino Francisco.

Pregamos a todol-os irmáns non deixen de concurrir aos ditos aitos. E unha obriga de todo bo galeguista doarlle calor coa súa presenza.

VII AGROS DESERTOS

Fai pouco, a brisa rebuldaba, leda,
c-ós milleirales, pol-o sol dourados;
mais hoxe chora e busca n-os povoados
algún palleiro ou algunha meda

pra lle contare que solteira queda
dos pés de millo, seus enamorados
dende pequenos, anda non barbados,
cando a follaxe c-ós milláns enreda.

A probe brisa, pol-o monte adiante,
vai atentando, silandeiramentes,
os silveirales e as toxerías chotas;

e, saudadosa, triste, saloucante,
da ao fin, c-ós agros dos seus bens ausentes:
¡soio dos millos tenta n-as cañotas!...

VIII HORREO

Sinxela hermida do fogar labrego
co-a crus de pedra que o frontal coroa,
onde as espigas, que han de dal-a broa,
ao debullal-as, ceiban o seu prego.

Máis que a Arca Santa, de cristián e boa,
arca de pedra que ao pardal da achega,
e o fruto garda do suor no rego
pr-ós feros días que o curisco zoa.

Envolto en somas, ou luar faríña,
mesmo qu-en andias semellar camiña
levado ao lombo por druídas sagros;

e pol-os folgos que lle dan alento,
fai como un sistro no que canta o vento
ao Pan Decote dos fecundos agros.

- (1) Costume da esfolia: a que alcontra primeiro unha espiga pinta, procamana raíña; ao aparecer outra, o reinado trasfírese a outra muller.
- (2) Xacinta.

(Seguirá no número próximo)